

Estimados docentes:

Co fin de adaptarnos á situación excepcional que estamos a vivir, foi necesario introducir algunhas modificacións no modelo de exame, no sentido de aumentar as posibilidades de elección por parte do alumnado, para que así este poida prescindir dalgunha parte do temario que quedase sen impartir. Despois de varias propostas por parte do grupo de traballo, o modelo é o que poden consultar na web, resultado das condicións que nos esixiron: que todas as preguntas tivesen o mesmo valor e que o alumnado puidese elixir dunha batería dada.

Así, o novo modelo consta de sete preguntas, das que os alumnos e alumnas só poden contestar cinco, as cinco que escollan. No caso de que respondan a máis de cinco preguntas, só serán avaliadas cinco (as cinco primeiras que aparezan no caderno de resposta), de xeito que quedarán automaticamente anuladas as demais.

Os bloques son os mesmos que había ata agora: comprensión do texto, lingua e gramática, produción textual, lingua e sociedade e literatura. A principal diferenza radica en que poden prescindir dalgúns deles. Por outra parte, nos dous bloques correspondentes aos contidos máis teóricos, isto é, Lingua e sociedade e Literatura, aumentan as opcións, de xeito que no primeiro deben responder un só apartado das tres opcións propostas e no segundo unha de catro opcións. No resto dos bloques (comprensión do texto, lingua e gramática e produción textual), deben contestar de forma íntegra as preguntas escollidas, é dicir, se por exemplo se escolle para a súa realización a pregunta 1, deberase responder os dous apartados internos, o 1.1 e o 1.2. Só nas preguntas 6 e 7, deben responder unicamente un dos apartados ofrecidos, pois, de feito, son as únicas nas que se especifica no enunciado: “escolla e desenvolva...”.

Os criterios de corrección van ser similares aos dos outros anos. Aínda que as preguntas de produción textual pasan a valer dous puntos, en lugar de tres, os criterios serán ponderados de acordo a esta nova valoración. Canto á corrección lingüística, manterase o mesmo desconto por erros que ata agora: máximo dous puntos sobre a cualificación global. O cálculo levarase a cabo segundo a mesma clasificación (moi graves, graves e leves).

Ante calquera dúbida ou cuestión, poden poñerse en contacto comigo a través do enderezo de correo electrónico: anaiglesias@uvigo.es. Intentarei responder o antes posible.

Un cordial saúdo.

Ana Iglesias Álvarez.